

Memoria funcional-informe de proposta de modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Exptes. PR-2026-004-M; EM-2026-004-M)

Antecedentes

A presente proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) vén motivada pola necesidade de dar cumprimento ás obrigas derivadas do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Resolución do 13 de maio de 2024 (DOG núm. 94, do 15 de maio).

Obxecto da presente memoria funcional-informe proposta

Esta proposta ten por obxecto garantir que todas as persoas adxudicatarias de postos de traballo en virtude da Resolución de 13 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, pola que se resolve o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Resolución do 13 de maio de 2024 (DOG núm. 71, do 17 de abril), poidan tomar posesión dun posto con carácter definitivo.

A dita resolución do concurso de traslados foi modificada pola Resolución do 15 de xullo de 2026 (DOG núm. 139, do 27 de xullo) xa que os postos adxudicados están afectados por procedementos xudiciais seguidos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tendo en conta os casos en que non é posible adxudicar postos na mesma localidade e características por non existir estes, e co obxecto de que todas as persoas poidan tomar posesión en postos de similares características aos que lle foron adxudicados na Resolución do 13 de abril de 2026 e con idénticos efectos, é preciso proceder á creación de dous postos, co detalle que se expón neste informe.

Esta proposta de modificación da relación de postos de traballo de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia contén creacións e amortizacións:

- **Creación de 2 postos** de traballo:
 - **Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes:** creación de **1 posto** da agrupación profesional (subgrupo AP).
 - **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:** creación de **1 posto** de xefatura de grupo (subgrupo C1-C2).
- **Amortización de 2 postos** de traballo:
 - **Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes:** amortización de **1 posto** base subgrupo C2.
 - **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:** amortización de **1 posto** base subgrupo C2.



Sinalar que a presente proposta, dado o seu carácter urxente, non conta coa negociación previa entre a consellería e as organizacións sindicais. Non obstante esta negociación levarase a cabo, en todo caso, na mesa de negociación correspondente e con carácter previo á comisión de persoal.

Primeiro. Creacións e amortizacións

• Primeiro.1 Creacións

Forma parte desta proposta a creación de **2 postos** de traballo:

DENOMINACIÓN DO POSTO CÓDIGO DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚBL.	OBSERVACIÓNS FORMACIÓN
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES					
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN DO REGISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA					
SUBALTERNO/A PR.C02.00.005.15770.107	C	10	AP	XERAL AXG	HORARIO ESPECIAL // TAREFAS DE CONDUCCIÓN ADEMAIS DAS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO 954
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN					
OFICINA DE EMPREGO DE VILALBA					
XEFATURA DE GRUPO EI.C99.20.901.27640.004	C	14	C1-C2	XERAL AXG	

CÓDIGOS

AXG	ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA
C	CONCURSO
954	PERMISO CONDUCIR B (R.I.)

• Segundo .2 Amortizacións

A presente modificación de postos de traballo recolle as amortizacións dos seguintes **2 postos**:





DENOMINACIÓN DO POSTO CÓDIGO DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚBL.	OBSERVACIÓNS FORMACIÓN
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES					
S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA					
POSTO BASE SUBGRUPO C2 REXISTRO E INFORMACIÓN PR.C02.00.005.15770.075 (1)	C	12	C2	XERAL AXG	HORARIO ESPECIAL
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN					
OFICINA DE EMPREGO DE VILALBA					
POSTO BASE SUBGRUPO C2 EI.C99.20.901.27640.005	C	12	C2	XERAL AXG	

CÓDIGOS

AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA
C CONCURSO

- (1) Posto que quedará vacante o 14.09.2026 por obter a persoa ocupante un posto no concurso de traslados de Administración xeral.

Conclusión

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais indicadas anteriormente, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

